

Xogos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Xogo: As abelliñas do mel

Xogo de nenas.

Cóllense da man varias nenas, facendo círculo ou roda e comezan a dar voltas, ao tempo que cantan:

As abelliñas do mel,
e de mel, e de meluro,
que se volva (fulana) de culo!

E a tal fulana requerida dá a volta, e segue a roda cantando:

As abelliñas do mel,
e de mel e de melacho
que se volva (fulana) de culacho!

Segue a roda ata que se van virando todas as que xogan. Entón, dialogan así:

—Que hai naquel tellado?
—Un gato esfolado.
—Que hai naquela artesa?
—Unha vella tesa.

—Que hai naquela escaleira?

—Unha vella peideira.

—Que hai naquela buratiña?

—Unha campaniña.

—E, como fai?

E contestan todas:

—Tilín, tilín, tilín.

Mentres que se dan cuadas unhas a outras.

E rin, e volven a comezar se queren xogar máis.

Nota: Tomado de Rodríguez 1958: «Abelliña»

BIBLIOGRAFÍA

Rodríguez González, E. (1958): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, 3 tomos, Editorial Galaxia, Vigo.